

## APORTACIÓNS Ó ESTUDO DA PREHISTORIA DA CUNCA MEDIA DO MIÑO. OS ASENTAMENTOS EN COVA E Ó AIRE LIBRE

Por FÁBREGAS VALCARCE, R. <sup>a</sup>; ALONSO FERNÁNDEZ, S. <sup>b</sup>; LAZUÉN FERNÁNDEZ, T. <sup>d</sup>; DE LOMBERA HERMIDA, A. <sup>a,b</sup>; PÉREZ ALBERTI, A. <sup>c</sup>; RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, X.P. <sup>b</sup>; RODRÍGUEZ RELLÁN, C. <sup>a</sup>; TERRADILLOS BERNAL, M. <sup>e</sup>; SERNA GONZÁLEZ, M.R. <sup>a</sup> e VAQUERO RODRÍGUEZ, M. <sup>b</sup>.

- a) GEPN. Dpto de Historia I, Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Institut Catalá de Paleoecologia Humana i Evolució Social (IPHES). Àrea de Prehistoria, Universitat Rovira i Virgili.
- c) Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.
- d) Dpto. de Ciencias Históricas, Universidad de Cantabria.
- e) Área de Prehistoria. Dpto. de Ciencias Históricas y Geografía, Universidad de Burgos.

**Abstract:** The Middle Miño Basin is one of the most interesting areas to study the evolution of prehistoric settlement strategies. Archaeological works carried out in the Monforte basin have yielded new archaeological sites that spread the chronology of a continuous human settlement in this area from the Lower Paleolithic until the final moments of the Upper Paleolithic. In the mountains to the east region excavation undertaken in caves have shown that these have been occupied during the Upper Paleolithic and reused as burial place during the later Prehistory.

**Keywords:** Pleistocene, NW Iberia, Lower Paleolithic, Upper Paleolithic, Lithic industries, cave burials.

A cunca media do Miño é unha das áreas do Noroeste peninsular que presenta un maior interese no estudio da Prehistoria antiga. Por unha banda, é unha zona de contacto entre as diferentes áreas do norte e noroeste peninsular, sendo zona de paso cara á Meseta Norte a través do val do Sil e á Cornixa Cantábrica a través

do val do Navia, así coma zona de comunicación do norte de Lugo (Xistral), a través da Depresión de Sarria, e as penichairas ourensanas e Baixo Miño a través do val do Miño. Xunto ó seu enclave xeográfico, neste sector atópanse dúas estruturas xeolóxicas diferentes. En primeiro lugar documéntanse grandes bacías sedimentarias cunha grande antiguidade onde se testemuña a presenza de asentamentos paleolíticos. Neste senso destacan a Depresión de Monforte de Lemos e as depresións terciarias de Sarria e Quiroga. En segundo lugar, ó leste das grandes cuncas sedimentarias desenrólanse as únicas formacións calizas do noso territorio con novas posibilidades de estudio. A súa importancia radica en que os hábitats nesta zona poden ofrecernos aqueles aspectos que os asentamentos ó aire libre non recollen: a conservación dos vestixios orgánicos. Isto permitirá obter información máis completa acerca da reconstrución paleoambiental, as estratexias de explotación do medio e subsistencia das comunidades, aspectos sociais, cronolóxicos, e incluso simbólicos das súas sociedades (no caso de aparecer mostras de arte parietal ou moble, coma na cornixa cantábrica).

As intervencións levadas a cabo no transcurso do presente proxecto de investigación desenroláronse nestas dúas áreas principais: prospeccións na Depresión de Monforte de Lemos, e sondaxes arqueolóxicas nas covas de Valdavara (Becerreá) e Cova de Xato (Folgozo do Courel) (Figura 1). O presente artigo é unha síntesis dos resultados acadados nestas intervencións arqueolóxicas, que proporcionaron interesantes datos sobre as ocupacións da Prehistoria recente e antiga da cunca media do Miño. Posteriores estudos e traballos axudarán a comprender mellor a complementariedade do poboamento entre estas dúas áreas.

## **1. AS PROSPECCIÓNS ARQUEOLÓXICAS NA DEPRESIÓN DE MONFORTE DE LEMOS**

Os traballos desenvolados con anterioridade na Depresión puxeron de manifesto a existencia dun importante poboamento paleolítico na parte norte da cunca, descubriendo asentamentos ó aire libre que abranguen dende momentos antigos do Achelense (Chao de Fabeiro) ata o Paleolítico medio (O Regueiral) (FÁGREGAS *et al.* 2007). O principal obxectivo da campaña 2007 foi a prospección do sector sur que cobre a parte meridional do concello de Monforte de Lemos e o NE do concello de Sober. Este sector da cunca foi o que proporcionou as primeiras evidencias do poboamento paleolítico na Depresión de Monforte, co descubrimento a mediados do século XX dun bifaz en cuarcita no lugar de Villaoscura. Aparte da descuberta de novas estacións paleolíticas, o estudo deste sector sírvenos de complemento á información acadada no traballo da campaña pasada, tanto nos estudos xeomorfolóxicos como nas características dos xacementos e material arqueolóxico.

A parte meridional da Depresión presenta certas diferencias con respecto á parte norte. En primeiro lugar, as formacións cuaternarias (glacis e terrazas) atópanse menos desenroladas e peor conservadas. Os depósitos esténdense ata as parroquias de Guntín, Gullade e Nocedas, no punto en que afloran de forma cáseque abrupta as formacións de cuarcitas, xistos e lousas da Serra de Alende, Alto do Marozo e Monte da Rubina. No sector SW o cambio de gradente é moito menos acusado, polo que as formacións terciarias e cuaternarias esténdense ata a parroquia de Vilaescura, no NE do concello de Sober, onde o río Cabe encáixase a partires do lugar de Canaval onde aflora o substrato de granodioritas. Soamente quedan algunhas formacións cuaternarias penduradas en pequenos recháns (As Gandariñas, Barreiros) ou en reducidas cuncas nas elevacións medias da zona sur (Veiga de Liñares). En segundo lugar, se presentan diferencias con respecto á litoloxía das formacións cuaternarias, xa que os fragmentos subangulosos e subredondeados de seixo e lousa predominan sobre os cantos rodados de cuarcita. O seixo e a cuarcita semellan ser de mellor calidade, con menor abundancia de planos e granulometría máis fina. Cabe salienta-la ausencia de costras óxidas ou dun alto grado de rubefacción dos clastos, a diferenza do constatado nos cortes xeolóxicos do sector septentrional. Isto semella corroborar-la hipótese plantexada segundo os resultados do ano pasado: que as formacións cuaternarias deben relacionarse cos abanos aluviais das vertentes da Depresión de Monforte e non con terrazas fluviais do río Cabe.

### **Resultados da actuación**

Nesta campaña cumpríronse con creces os obxectivos planexados ó ter descuberto 17 novas estacións paleolíticas destacando cinco novos xacementos cunha importante concentración de material: As Gandariñas de Arriba, Gullade-III, O Regueiral II, Valverde e Áspera, este último con industria en estratigrafía (Táboa 1). Fora do entorno directo da bacia destacan os xacementos da Gándara Chá, no concello de Quiroga, e Pedras, no Saviñao, que atestiguan a importancia doutras áreas da cunca ata agora non exploradas.

Na parroquia de Gullade foron localizadas catro dispersións moi cercanas entre sí, destacando ente elas *Gullade I e III*. No conxunto dominan os produtos de talla (BP) e lascas retocadas (BN2XC, 33% e 35,7%, respectivamente), quedando os úteis e núcleos sobre canto (BN1XC e BN1XE) nun segundo plano (Táboa 1). O único gran configurado localizado neste sector da Depresión é un bifaz sobre cuarcita de grano fino en Gullade I. Nas BN2XC dominan os denticulados e muescas sobre as raspadeiras e raspadores. Dentro do concello de Sober atopáronse tres novas estacións (Nabán, Os Lameiros e As Gandariñas de Arriba), destacando entre eles *As Gandariñas de Arriba* (GND) onde foron recuperados 15 artefactos en superficie, a maioría pequenas lascas en seixo e unha peza en sílex que ata a data non se identifica na bacia. Dada a abundancia do material e a súa dispersión tampouco foi recollido na súa totalidade. O conxunto, ó igual que en

Gullade, está marcado polo pequeno formato dos obxectos (menor de 6 cm) e o dominio das BP e BN2XC, sen atopar ningún artefacto nen núcleo sobre canto. As estratexias de explotación identificadas son a discoidal e centrípeta, mentres que no grupo dos configurados dominan as muescas sobre as puntas despexadas e raspadeiras. Ó tratarse de xacementos ó aire libre cun predominio dos produtos de talla nos conxuntos e ante a ausencia de elementos diagnósticos, a súa caracterización tecnolóxica é moi complicada aínda que en xeral presentan unhas características evolucionadas, como son a ausencia de grandes configurados (só un bifaz en Gullade I), o dominio dos pequenos configurados sobre lasca (BN2XC), o menor formato dos obxectos líticos, o uso preferente de materiais de boa calidade (cuarcita de grao fino e seixos sen planos) e a xeneralización de esquemas operativos centrípetos e discoides (Lámina I). Estes caracteres, e as diferencias evidentes con estacións adscritas ó Modo 2 no sector norte da cunca (vg. As Lamas, As Gándaras) poderían indicar unha adscripción provisional ó Modo 3, á espera de posteriores intervencións na zona.

No marco do proxecto de investigación foi revisado un xacemento paleolítico descuberto no ano 2003 pola empresa *Ambiotec* no concello de Quiroga, *A Gándara Chá* (GAN). Ademais da cantidade e características do material recuperado, con bifaces e gran relevancia dos esquemas discoidais, a importancia deste lugar radica no estudo da relación do poboamento entre o interior de Galicia (especialmente a Depresión de Monforte) e o sistema montañoso do Courel. A depresión de Quiroga, de similares características ás de Monforte, antóxase como unha zona importante, onde futuros traballos serán desenrolados de cara a establecer posibles correlacións entre as ocupacións na Depresión de Monforte e no Courel.

Os traballos no sector norte da Depresión consistiron na revisión de puntos xa coñecidos, atopando artefactos en lugares xa catalogados como o corte estratigráfico de O Regueiral e As Lamas. Éstes novos achados son coherentes cos do ano pasado o que avala a homoxeneidade dos conxuntos descubertos. Xunto a estas revisións descubréronse novos xacementos cunha importante concentración de materiais. Nas inmediacións de O Regueiral foi identificado nunha finca unha importante concentración de material en seixo e cuarcita (O Regueiral II). O contexto xeolóxico e os achados líticos presentan grandes similitudes cos materiais atopados nos lugares anteriormente ditos, tanto no tipo de materia prima coma no seu grao de rodamento. O conxunto está dominado polos artefactos en cuarcita, cun alto porcentaxe das Bases Positivas. Os retocados son raspadeiras e denticulados e en canto á explotación só foi recuperada unha BN1XE centrípeta.

Os achados ata agora descritos semellan redundar cos datos obtidos en anteriores campañas na Depresión. Sen embargo, os achados de Áspera (Concello de Bóveda) e Valverde aportan novos datos sobre o poboamento da Depresión de Monforte. O emprazamento dos xacementos é significativo, xa que controlan visualmente ó tránsito entre a Depresión de Somoza Maior e a Depresión

de Monforte de Lemos. Na vertente sur da Serra de San Roque atópase o lugar de *Áspera* (ASP) onde foron descubertas seis pezas nun corte estratigráfico. Sobre as arxilas terciarias atópase un depósito de pendente con numerosas gravas e cantos onde foron atopados dous núcleos de laminiñas en cristal de rocha e cuarcita de gran fino e varias lascas de cuarcita.

Nun pequeno rechán da dorsal do Monte de Valverde, que divide as dúas subconcas, localizouse unha importante dispersión de material en seixo (51,1%), cuarcita de gran fino (25,9%), sílex (7%) e cristal de rocha (5%) (*Valverde*, VLV). Recuperáronse 75 artefactos líticos, aínda que dada a abundancia de material non foron recollidos todos os artefactos da superficie. A concentración espacial dos achados, nun área de 20 metros adscrita ó rechán na ladeira, o escaso rodamento das pezas, a presenza de restos de talla de pequenas dimensións (menores a 5 mm.) e a frescura das pezas fan pensar na existencia dun xacemento en posición primaria. As categorías estruturais están representadas na súa totalidade sobresaíndo os produtos de talla (BP, BPF, Frag.), o que indica a presenza de cadeas operativas completas. Nos esquemas operativos destacan os núcleos de laminiñas, fragmentos de laminiñas, láminas e elementos de dorso en cristal de rocha e cuarcita de gran fino, mentres que os esquemas de redución do seixo están basados en esquemas discoidais e na redución sobre bigornia para a produción de soportes espesos. Os conxuntos de *Áspera* e *Valverde* presentan unhas innovacións técnicas ata agora non testemuñadas na Depresión de Monforte de Lemos e as primeiras mostras de conxuntos adscritos ó Modo 4 (Lámina II). As novas necesidades tecnolóxicas (producción laminar) implicar unha maior selección das calidades das materias primas (aumento da cuarcita de gran fino) e a incorporación de novas materias primas á panoplia tecnolóxica como é o caso do cristal de rocha e o sílex, mostrando un cambio nas estratexias de abastecemento.

Coa campaña do 2007 púxose de relevo a importancia do poboamento paleolítico na Depresión de Monforte, demostrouse que o poboamento dase na totalidade da cunca, atopando novos xacemento tanto no sector sur e sureste da bacia (puntos da parroquia de Gullade e do concello de Sober), como no sector norte, no tránsito entre a Depresión de Monforte e a de Somoza Maior. Os materiais atopados na parte meridional presentan algunha diferenza cos do sector norte (menor formato e maior presenza de industrias en seixo e BN2X). Pola contra, os novos achados na parte norte (*Regueiral II*), na zona xa estudada na campaña pasada, demostran a homoxeneidade dos conxuntos. Finalmente, un dos resultados máis salientables é a constatación de novos achados que poderían corresponder a cronoloxías non documentadas ata o momento nesta área xeográfica. Neste senso destacan os xacementos de *Áspera* e *Valverde*, onde foron atopadas as primeiras evidencias dun asentamento de finais do Paleolítico Superior ou Epipaleolítico. Estes achados remítennos ós efectuados no norte da provincia de Lugo, especialmente os xacementos localizados na Serra do Xistral (*RAMIL & RAMIL*, 1996, *VILLAR QUINTEIRO*, 1997). Por outro lado amplían o

espectro cronolóxico das ocupacións paleolíticas na Depresión de Monforte de Lemos, convertíndose nunha zona xeográfica única no NW peninsular onde podemos constatar a presenza de ocupacións humanas dende momentos antigos do Pleistoceno medio ata o Pleistoceno Superior Final/Holoceno.

## 2. INTERVENCIÓNS NA COVA DE VALDAVARA

A cova de Valdavara atópase no concello de Becerreá, no extremo oriental da provincia de Lugo. Desde o punto de vista xeolóxico, localízase dentro do Dominio do Manto de Mondoñedo, unha das unidades nas que se subdivide a Zona Asturoccidental-leonesa, que á súa vez forma parte do Macizo Ibérico. Esta zona está constituída por formacións do Paleozoico Inferior, cun predominio de rochas areosas e pizarrosas, aínda que destaca a presenza de formacións calcáreas nas que se localizan esta cova e outros xacementos incluídos neste proxecto. O relevo destaca pola existencia de liñas de cordais que descenden suavemente de SE a NW, desde o pé dos macizos de Ancares e Miravelles. Estes cordais constituirían os restos dunha antiga penichaira, lixeiramente inclinada cara ao NW, na que se encaixaron os cursos fluviais dando lugar á paisaxe existente na actualidade. Excepto o Navia, cuxo curso discorre de SW a NE, o resto dos ríos dispónse nunha dirección SE-NW (Figura 1a).

A cova de Valdavara ábrese nas calcarias do Cámbrico Inferior-Medio (Calizas de Vegadeo), que afloran ao longo dunha ampla franxa de trazado NNW-SSE. Trátase dunha formación moi singular pola súa litoloxía, constituída por dolomías e calizas. O contido fosilífero dos niveis infra e supraxacentes suxire a súa atribución ao Cámbrico Inferior, aínda que os seus niveis máis altos poderían acadar o Cámbrico Medio (VERA, 2004). A cova localízase na marxe dereita do río Narón, que recibe nesta zona o nome de Cruzul, un dos afluentes do Navia, a unha altura duns 120 m sobre a canle actual. Trátase dunha pequena cavidade aberta cara ao NE, cunha entrada de apenas 1,2 m de anchura e 1,6 m de altura que dá acceso a unha sala duns 5 x 3 m, ao fondo da cal bifúrcanse dúas galerías de escaso percorrido debido ao recheo sedimentario que as vai colmatando progresivamente.

A información sobre a existencia dun xacemento arqueolóxico na cova de Valdavara proporcionáronnola veciños de Becerreá. A finais dos anos 60 realizouse unha exploración que aportou un conxunto de materiais entre os que se incluían restos óseos e cerámicos, así como artefactos líticos en sílex e seixo. Aínda que se descoñecía a procedencia estratigráfica precisa destes materiais, as súas características suxerían a posibilidade de que no conxunto estivesen representados polo menos dous períodos cronoculturais diferentes. Por unha banda, os restos cerámicos indicaban claramente a presenza de evidencias correspondentes á Prehistoria Recente. Doutra banda, entre os restos líticos detectouse un lote de pezas en sílex que indicaba unha fase ocupacional máis antiga, probablemente

de época pleistocénica. En concreto, identificáronse algúns burís característicos do Paleolítico Superior final. No entanto, descoñecíase se estes materiais procedían de unidades estratigráficas diferenciadas ou se, pola contra, tratábase dun único paquete sedimentario revolto no que se atopaban mesturados elementos de distintas cronoloxías.

Nas primeiras visitas ao xacemento puidemos observar que a poucos metros por baixo da cova e ao pé dunha parede de calcaria abríase un pequeno orificio que parecía unha segunda entrada ao mesmo sistema cárstico. No noiro que se estendía ante a cavidade observáronse algúns restos de fauna e industria en seixo en superficie, polo que se expuña a posibilidade de que se tratase dunha segunda localización arqueolóxica, aínda que non se podía desbotar de entrada que estes restos superficiais fosen removilizados dende a cova situada inmediatamente por riba. Decidimos denominar Valdavara 1 á cova superior e Valdavara 2 a esta segunda localización.

Con estes antecedentes decidimos efectuar unha primeira intervención na cova de Valdavara, que foi levada a cabo entre os días 16 e 29 de xullo de 2007. A finalidade desta intervención preliminar era obter unha serie de datos estratigráficos e cronolóxicos esenciais que nos permitisen valorar o interese do xacemento e a conveniencia de continuar os traballos en sucesivas campañas. As actuacións realizadas foron encamiñadas a intentar resolver os interrogantes que expuña o rexistro arqueolóxico do xacemento; en concreto, perseguíanse dous obxectivos fundamentais:

- a) Por unha banda, confirmar a existencia dunha secuencia estratigráfica ben conservada en Valdavara 1 e se dentro de devandita secuencia documentábanse niveis correspondentes ao Pleistoceno.
- b) Doutra banda, confirmar ou non a presenza dunha secuencia arqueolóxica en Valdavara 2.

### **Valdavara 1**

En Valdavara 1 a intervención consistiu no inicio dunha sondaxe de 1,5 x 1 m no interior da cavidade (cadros M20 e M21), a 1 m da entrada actual. A área escavada limita polo SE con o corte dos anos 60, o que nos permite dispor dunha referencia estratigráfica. Nun principio, traballabamos coa hipótese de que este pozo chegara ata a base da secuencia. Con todo, ó baleirar a terra removida que o enchía parcialmente puidemos observar que a súa base era unha superficie irregular de bloques de caliza, polo que cabe a posibilidade de que a secuencia estratigráfica do xacemento sexa máis potente do que pensabamos nun principio. A observación dos cortes permitiunos identificar polo menos dous conxuntos sedimentarios principais: un superior, que comprendía os primeiros 30 cm da secuencia, formado por limos de cor marrón escura, e outro inferior, que se

estendía ata a base do corte, constituído por limos de cor alaranxada. O contacto entre ámbolos conxuntos era moi neto e ondulado, de aspecto erosivo.

Como xa comentamos, a primeira actuación consistiu no baleirado do sedimento removido que enchía a parte inferior. Este sedimento foi peneirado en seco, recuperándose unha cantidade apreciable de restos arqueolóxicos, que, como no caso do material recuperado nos 60, suxiren a existencia de dous conxuntos diferentes, un correspondente á Prehistoria Recente e outro atribuíble ao Paleolítico Superior. Entre os elementos que nos remiten a este último, hai que destacar, ademais dunha serie de artefactos de sílex, unha azagaia decorada en hasta de cervo.

Unha vez peneirado este sedimento, iniciouse a sondaxe. A maior parte da campaña estivo centrada no conxunto superior, no que puideron diferenciarse tres unidades estratigráficas: un paquete removido superficial (nivel 1), un estrato de limos de cor marrón escura (nivel 2) e un nivel de coloración algo máis clara (nivel 3). Ao longo de toda esta secuencia rexistrouse a presenza máis ou menos abundante de bloques de caliza, observándose unha zona de acumulación no cadro M21. Os datos preliminares non indican diferencias significativas entre o rexistro arqueolóxico dos niveis 2 e 3. Aínda que o achado de elementos diagnósticos foi escaso, algúns restos cerámicos suxiren unha cronoloxía Calcolítica<sup>1</sup>. Ademais da presenza de fragmentos de cerámica, de restos de macro e microfauna e de artefactos líticos en seixo e sílex, hai que destacar a recuperación dunha serie de restos humanos que apuntan a un uso funerario. Trátase basicamente de elementos de pequeno tamaño, dentes e falanxes, pertencentes polo menos a dous individuos, un inmaduro e un adulto. Tamén se atopou varias cunchas mariñas pertencentes ao xénero *Dentalium* que probablemente serían utilizadas como elementos de adorno.

Por baixo desta secuencia de niveis holocenos documéntase un nivel de limos alaranxados con abundantes bloques de calcaria (nivel 4), separado do nivel 3 por unha discontinuidade erosiva. Nesta primeira campaña só puido escavarse o teito do nivel 4, recuperándose un volume relativamente reducido de restos arqueolóxicos. Non entanto, as características do rexistro son netamente diferentes ás observadas no conxunto superior. Amáis da desaparición da cerámica, o conxunto lítico caracterízase por un cambio marcado nas materias primas. Aínda que o número de efectivos cos que contamos é aínda moi reducido, nos niveis 2 e 3 dase por un claro predominio do seixo, que representa máis do 70% dos restos líticos coordinados, fronte ao sílex. En cambio, no nivel 4 estas porcentaxes invírtense, pasando o sílex a ser a materia prima máis representada, cun 75% dos artefactos coordinados. Aínda que de momento non apareceron elementos diagnósticos

---

<sup>1</sup> Dada a premura de tempo, nun traballo específico abordaremos o estudo detallado das mesmas e as súas implicacións a nivel rexional. No caso particular do nivel 2, as datacións corroboran esta adscripción.



desde o punto de vista cronocultural, expomos a hipótese de que o nivel 4 corresponde xa ao Pleistoceno superior e que se trataría dun conxunto atribuíble ao Paleolítico Superior<sup>2</sup>. A continuación dos traballos en próximas campañas e os resultados das datacións radiométricas que están actualmente en curso permitirannos verificar esta hipótese.

## **Valdavara 2**

As intervencións en Valdavara 2 iniciáronse levantando o nivel de terra vexetal (nivel 1) que recubría todo o noiro que se estende ao pé da parede rochosa na que se abre a cavidade. Nesta capa recuperáronse algúns restos arqueolóxicos illados, basicamente restos óseos e artefactos en seixo. Por baixo apareceu unha acumulación de grandes bloques de caliza fosilizada por un nivel de limos de cor avermellada (nivel 2). Ao chegar a éste decidimos cuadrangular a área escavada e focalizar a intervención nunha superficie duns 4 m<sup>2</sup> situada inmediatamente ao pé da parede (cadros N31-32 e O31-32). A escavación do nivel 2 proporcionou un conxunto formado basicamente por restos de fauna, con apenas evidencias claras de presenza humana. Aínda que o estudo deste conxunto faunístico está aínda en curso, os datos preliminares suxiren que os restos de carnívoros constitúen unha porcentaxe importante, polo que non descartamos que o nivel 2 poida corresponder a unha fase na que a cavidade foi utilizada como cubil.

A continuación documentouse un nivel de coloración similar ao do nivel 2 pero que incluía unha maior presenza de gravas, ao que decidimos denominar nivel 3. O máis destacable deste nivel foi o achado dun conxunto de restos humanos, no que se inclúen elementos tanto do esqueleto cranial como do post-cranial. As primeiras valoracións, a falta dun estudo máis exhaustivo, suxiren que todos estes restos poderían corresponder a un mesmo individuo inmaduro. Entre os restos recuperados destaca o neurocráneo practicamente completo, cuxa extracción resultou especialmente complexa debido á súa fragilidade e localización nun espazo entre bloques. Aínda que está claro que se trata dos restos dun humano anatomicamente moderno, a cronoloxía deste achado é nestes momentos unha incógnita e, xa que non se documentou ningún elemento de cultura material asociado que achegase algunha pista sobre o seu contexto cronocultural<sup>3</sup>.

## **A cerámica de Valdavara**

O conxunto de cerámicas está formado por 170 fragmentos dos que case a metade proceden do removido que enchía a exploración dos anos sesenta, o resto correspóndese co cadro norte da sondaxe actual. Os niveis 1 e 2 son os máis

---

<sup>2</sup> As datas radiocarbónicas obtidas recentemente sitúan este nivel en momentos do Magdaleniense Inferior/Medio.

<sup>3</sup> As novas datacións suxiren unha adscripción dos restos a un momento pleno da Idade do Bronce.

representados con 44 e 38 fragmentos respectivamente. As pezas dos niveis 3 e 4 son interpretadas como intrusións.

Do conxunto da cerámica a maioría dos fragmentos conservados son amorfos, contando con poucos bordes (7%), bases e fragmentos de colo (2%). A forte fragmentación do conxunto fai moi difícil a caracterización formal do mesmo, aínda que semella que estivera dominado polos tipos de tendencia ovoide ou globular e vasos de paredes rectas, con fondos planos e de talón. Hai vasillas con forma de cunco con engobe (Lam. III,5), cuncos de paredes delgadas con superficies bruñidas (Lam. IV,8) e fondos planos de vasos con tendencia oval (Lam. IV, 10 y 11). A maioría dos bordes restantes pertencen a vasos de formas pechadas sinxelos ou engrosados, o con reforzo interior (Lam. IV, 1-2-3-5-6). As características dos bordes e paredes indican que pertencen en xeral a recipientes de tamaños medios con superficies exteriores alisadas mates e interiores negras e con un espatulado, resultado do proceso de acabado (Lam. III, 1 e 3; Lam. IV, 12 e 9). As decoracións son moi escasas no conxunto primando as incisas sobre os cordóns. As primeiras semellan pertencer a un mesmo recipiente con perfil en S (Lam. III, 2-4-6). A decoración consiste en grupos de liñas paralelas e horizontais separadas por bandas lisas.

Atópase unha grande homoxeneidade na composición das pastas, formadas en xeral por arxilas pouco decantadas con desengrasantes medios (seixos acompañados de micas finas e medias). A cocción reductora é a dominante anque nalgúns casos pódese observar líñas de oxidación máis ou menos grosas, dominando as coloracións grises, negruzcas e marrones, sendo menos frecuentes as alaranxadas e roxizas.

Con estes datos resulta bastante difícil realizar unha adscripción cronocultural da cavidade. En calquera caso, a asignación a unha etapa máis definida dentro da Prehistoria Recente resulta dificultosa polas características da olería recuperada e a escasez de referentes ben contextualizados no Noroeste. A existencia de dous ou máis episodios de ocupación na cova e o locus inmediatamente inferior durante o devandito período resulta factible, á vista das datacións que, xa rematado este traballo, veñen de chegar ás nosas mans e que apuntan a unha presenza na cova alomenos durante o Neolítico Final/Calcolítico Inicial e outra, máis serodia na área situada ao exterior e inmediatamente embaixo do talude de aquela, dentro do Bronce medio. A análise polo miúdo que realizaremos de estes datos cronométricos e a súa correlación coa cultura material recollida nos permitirán ser máis precisos.

As intervencións arqueolóxicas na cova de Valdavara atópanse nunha fase moi inicial e son aínda moitos os interrogantes que afectan ás características tanto do propio xacemento (extensión e morfoloxía do sistema cárstico, relación entre Valdavara 1 e Valdavara 2) como do seu rexistro arqueolóxico. Neste senso, o estudo dos materiais recuperados nesta primeira campaña e a obtención dunha primeira serie de datacións radiométricas achegarán datos fundamentais para acabar de valorar o interese arqueolóxico desta secuencia. No entanto, os

resultados preliminares dos traballos realizados en xullo do 2007 permitiron acadar os dous obxectivos básicos que nos expuxemos no inicio da intervención:

- a) En primeiro lugar, confirmouse que en Valdavara 1 existe unha secuencia estratigráfica ben conservada na que se inclúen niveis pleistocénicos que semellan corresponder a un momento do Paleolítico Superior. Para coñecer o alcance temporal desta secuencia haberá que esperar a que se complete a sondaxe iniciada nesta campaña.
- b) En segundo lugar, confirmouse tamén a existencia dun depósito arqueolóxico *in situ* en Valdavara 2, aínda que o seu interese científico dependerá en boa parte dos resultados que acheguen as datacións e os futuros traballos de escavación.

En resumo, pensamos que as perspectivas que se abren na cova de Valdavara son positivas e que este xacemento pode achegar datos de gran interese para o coñecemento do poboamento pleistocénico de Galicia. Especial relevancia reviste a posible existencia dunha secuencia do Paleolítico Superior, xa que se trata dun período particularmente pouco coñecido en Galicia. Polo momento, e deixando ao carón algunhas evidencias non exentas de controversia, como as da Cova da Valiña (LLANA *et al.*, 1991, MAROTO *et al.* 2005), o Paleolítico Superior galego foi documentado unicamente nas súas fases finais, en xacementos con secuencias curtas e situados en contextos que implican unha conservación deficiente de determinados vestixios, como os restos faunísticos (LÓPEZ CORDEIRO, 2003; RAMIL, 1997; VILLAR QUINTEIRO, 1997). Valdavara sería un dos poucos xacementos cársticos que rexistran ocupacións deste período, o que confirma a conveniencia de seguir explorando este tipo de localizacións, pouco representadas ata agora nas investigacións sobre o Paleolítico galego. Entre as vantaxes deste tipo de xacementos está a posibilidade de documentar secuencias dilatadas no tempo e nas que se conserva a materia orgánica, co que isto implica desde o punto de vista da posibilidade de obter datacións radiocarbónicas, realizar estudos sobre as estratexias de subsistencia e o procesamento dos recursos animais ou obter evidencias de industria en óso ou hasta.

Por outra banda, o rexistro atopado nos niveis superiores de Valdavara 1 permite incorporar este xacemento no escaso repertorio de localizacións en cova da Prehistoria Recente galega. Como no caso dos niveis pleistocenos, as novas datacións axudarannos a relacionar estas ocupacións das unidades superiores no contexto rexional. De xeito preliminar, o feito de tratarse dun xacemento en cova e de documentar un uso ocupacional e funerario permite establecer un paralelismo con localizacións como Pala da Vella (Rubiá, Ourense), na que se puxeron de manifesto niveis do Neolítico final, con datas do quinto milenio BP (cuarto milenio cal BC), e da Idade do Bronce (FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ e VILLAR QUINTEIRO, 2003; PÉREZ ÓRTIZ e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 2005).

### 3. INTERVENCIÓNS NA COVA DE XATO (FOLGOSO DO COUREL)

#### Localización e morfoloxía da cavidade

A Cova de Xato localízase a uns 400 metros do lugar de Noceda (Folgozo do Courel, Lugo), a 1080 metros de altitude, na formación das calizas de Cándama (Cámbrico inferior), que afloran entre as pizarras da mesma serie, seguindo unha dirección NW-SE. A entrada da cavidade, orientada cara o NW, é de medianas dimensións aínda que se atopa parcialmente tapiada por un muro de manpostería construído fai vinte anos polos propietarios do terreo. Está formada por unha longa galería duns 40 metros de lonxitude e catro metros de anchura máxima. Na entrada, durante os primeiros 10 metros presenta unha orientación de 40-45°, para logo xirar levemente e estreitarse cara ó norte durante uns 12 metros. Finalmente, nos últimos 25 metros prodúcese un pequeno xiro cara a dereita, mantendo a mesma dirección da entrada e alargándose significativamente ata acadar os seis metros de anchura. Do mesmo xeito a altura do teito semella ser maior cara o fondo da cova onde acada os seis metros.

Existen dous grandes conos ou aportes de sedimentos diferenciados. Por unha banda temos o cono de entrada da cavidade que penetra uns dez metros cara o interior. Dende o fondo da cova baixa un cono de recheo sedimentario que é cuberto polo procedente da entrada. Os sedimentos de ambos presentan características moi diferentes (tipo de sedimento, cor, compactación), o que unido á súa inclinación semella indicar dúas orixes diferentes. Xunto coa galería principal identifícase outras secundarias de dimensións variables. A máis significativa atópase no sector central da cavidade. Trátase dunha estreita galería duns 6 metros de lonxitude e un metro e medio como máxima anchura. A galería está practicamente colmatada acadando nalgúns puntos os 50 cm de altura, ó fondo está cegada. No teito desta galería hai filóns de seixo duns 7 cm de ancho e unha lonxitude de 1-2 metros. Cabe destacar que nestas galerías hai aportes superficiais de auga e sedimento que van cara ao interior da cova e semellan ser os responsables da formación da prancha estagnática que cubre a Cata 3. O fondo da cova está formado por una gran cono de derrubio que taponou e cegou a galería neste sector. A súa aparencia masiva, con grandes bloques subangulosos de caliza podería indicar a existencia dun episodio de derrube catastrófico que taponou o fondo da galería.

#### As sondaxes arqueolóxicas

Vistas as características morfolóxicas e sedimentarias da cova plantexáronse unha serie de pequenas sondaxes tanto na entrada (Catas 1 e 2) como na súa parte interna (Catas 3 e 4). A entrada, polas súas características de luminosidade e insolación, é o sector máis adecuado de cara a desenrolar ocupacións humanas. Por estas razóns as catas deste sector son as de maiores dimensións (2x1 metros) dispostas seguindo o eixo da cova.

### **CATA 1. Plataforma da entrada**

Os primeiros traballos consistiron na limpeza da vexetación e acondicionamento da entrada. Unha vez despexada ubicouse a cata a 1,5 metros das paredes externas. Baixouse ata acadar unha profundidade ó final da escavación de 3,5 metros con respecto o chan da plataforma, sen esgotar a potencia do sedimento nen atopar materiais arqueolóxicos. A sondaxe da Cata 1 demostrou que a potencia sedimentaria da entrada da cavidade era moito maior que a esperada nun principio. As características do Nivel II indican un ambiente glacial ou periglacial na súa formación. Os niveis de gravas clastosoportadas cunha estratificación paralela e forte buzamento cara o interior da cova, indican presenza de xeo, mentres que as facies máis finas (matriz soportadas e areosas) indican unha pequena presenza de auga na deposición. Por elo, as condicións de sedimentación semellan ser periglaciais (nivo-fluviais) con momentos de actuación do xeo como axente no transporte de material, e outros coa acción de pequenas correntes de auga froito do dexelo. A gran potencia do nivel, de case dous metros, indica a importancia e rigorosidade dos ambientes sedimentarios no entorno da cavidade que se podería relacionar coa actividade glacial e periglacial do Würm, como se ten documentado noutras cavidades e vales a grande altitude do Courel (GRANDAL D'ANGLADE, 1997; PÉREZ ALBERTI *et al.*, 1993).

### **CATA 2. Sector da entrada**

A cata 2 situouse a uns 4 metros da entrada da cova. A estratigrafía que presenta, de teito a muro, é a seguinte:

- Nivel 1: Potencia: 40-30 cm. Arxilas de cor marrón escura con gravas subangulares de caliza de pequeno tamaño (0.5 cm) e numerosas placas angulosas de caliza de gran tamaño (15-20 cm) matriz soportadas. Límite inferior neto.
- Nivel 2: Aquí foron identificadas 5 facies correspondentes os diferentes momentos de uso e construción dunha cubeta. Arxilas marróns con diferente presenza de areas e gravas dependendo da facies. Nivel arqueolóxico.
- Nivel 3: Paleontolóxico. Identifícanse dúas facies: 3a: Alternancia de niveis de arxila e limos amarelos homoxéneos e laminados, con laminacións de areas finas. Estratificación paralela horizontal en todo o paquete.

3b: Gravas de caliza redondeada de pequeno formato (1-3 cm) nunha matriz arxilosa. A súa disposición e estratificación é horizontal. No teito deste nivel apareceu un cráneo, unha costela e un húmero de oso.

Na base do nivel 2 prodúcese unha ocupación antrópica atopándose restos de fauna e cerámica asociada a un fogar construído sobre unha cubeta pegada á parede leste da cova. Asociados ó fogar aparecen varios taxons (bóvido, ovicápidro,

oso e un posible asno), carbóns (en estudio) e fragmentos cerámicos. Un fragmento de Terra sigillata proporciónanos unha adscripción aproximada en torno ós séculos IV-V d.C. No nivel 3, no teito da facies de gravas de caliza, atopamos restos de

*Ursus arctos*, relacionados posiblemente cunha oseira ou cubil, xa que o cráneo presenta unha perforación circular á altura do torus da órbita dereita.

### **CATAS 3 e 4. Interior da cova.**

Co fin de estudar a dinámica do fondo de cova e ante a presenza dun paquete de sedimento pendurado decidiuse abrir dúas catas. A posición abrigada do sedimento, xunto a un estreitamento do teito xusto na entrada dunha galería secundaria e a prancha estalagmítica que recubre este depósito permitiron a conservación dun paquete sedimentario que non foi erosionado. Námbalas dúas catas non se chegou á rocha nai, acadando unha profundidade de 55 cm e 35 cm respectivamente baixo o solo actual

A estratigrafía componse de dous niveis diferentes que responden a dúas dinámicas sedimentarias. A parte superior (nivel 1), mellor representada na Cata 4, con gravas angulosas e unha maior enerxía (episodio máis seco, forte e de carácter puntual); e a parte inferior (nivel 2) con maior presenza de gravas redondeadas con estratificación normal e que presenta lentellóns de areas ou limos laminados (episodio sedimentario con forte presenza de auga). A estratigrafía pódese sintetizar como sigue:

- Prancha estalagmítica. Potencia: 14-7 cm. Estratificación horizontal que decrece en grosor segundo cae a pendente.
- Nivel 1: Potencia: 50-70 cm. Alternancia de niveis duns 10-15 cm de potencia de gravas angulosas de caliza con matriz de areas finas amarelas sen estratificación aparente, con lentellóns de areas laminadas de 30 cm de potencia. Límite inferior e superior erosivo.
- Nivel 2: Potencia: >70 cm. Alternancia de facies de gravas redondeadas con matriz arxilosa, con lentexóns de areas finas laminadas ou de limos de escaso percorrido lateral.

As direccións dos clastos e o predominio de pendentes horizontais non permiten precisar de momento a procedencia dos sedimentos, aínda que ó longo da escavación da Cata 3 foron recuperados varios fragmentos de seixo que poden asociarse ó desmantelamento do filón documentado no teito da galería secundaria, o que podería indicar unha posible orixe do material.

O nivel paleontolóxico aparece no teito do nivel 2 a uns 60 cm do punto cero da cata, asociados tanto as facies de areas laminadas como as de gravas redondeadas. En total foron recuperados 46 restos óseos. Aínda que verticalmente ten unha

ampla dispersión (35-40 cm de potencia), no momento en que aumenta a granulometría das gravas, decrece significativamente o número de achados. O material aparece de maneira dispersa pola cata sen apreciarse concentracións importantes ou restos en conexión anatómica. Algúns restos correspóndense con individuos inmaduros (unha mandíbula, unha vértebra, un radio), anque a maioría dos restos correspóndense con fragmentos de costela. As diferentes dimensións dos restos, grandes costelas, grandes molares, pequenas mandíbulas, etc. fálannos da presenza de varios individuos. Tódolos restos identificables correspóndense co xénero *Ursus sp.*, salvo as pezas dentais de gran tamaño (I3, M1, M2 e M3) que permiten adscribilos á especie *Ursus spelaeus*. O grande número de restos, a súa dispersión vertical e horizontal, así como a conservación de marcas de mordeduras en gran número de restos (froito da acción doutros osos) pode ser explicado pola presenza dunha oseira no interior da cova cunha longa utilización.

Debemos destacar especialmente a presenza de dúas diáfises fracturadas de osos longos que presentan marcas de corte de orixe antrópica, ámbas no nivel 2. Estes restos son os únicos que reflexan unha fractura en fresco e acceso ó interior da médula. Observadas á lupa binocular, as marcas de corte presentan pequenas estrías paralelas (estrías parásitas), un cono de entrada, unha delineación rectilínea, e unha sección fina e triangular (Lámina V). Aínda que foron recuperados algúns fragmentos de seixo procedentes da desmantelación do filón identificado no teito da galería secundaria, non foi atopada ningunha ferramenta lítica. Deste xeito, seguindo os restos arqueopaleontolóxicos recuperados, podemos interpretar as actividades identificadas no sector do interior da cavidade como unha oseira, con restos de

*Ursus spelaeus*. Nun momento puntual prodúcese unha intervención antrópica ligada ó aproveitamento dos restos dun animal de talla grande que, dado o carácter monoespecífico dos restos recuperados, posiblemente se trate dun oso.

### **Valoración das sondaxes da cova de Xato**

As intervencións da Cova de Xato poñen de manifesto a presenza de ocupacións da cavidade en dous periodos diferentes. As características do rexistro arqueolóxico da entrada indican unha ocupación de pouca intensidade, quizais ligada a unha corta estadía. Poderíase relacionar cos castros ligados ás explotacións mineiras da Serra do Courel onde tamén se atopa T.S.H.T. (Castro da Torre; ÁLVAREZ NUÑEZ, 1995-1996) mentras que non se pode establecer relacións cas ocupacións documentadas no resto de cavidades do Courel, que semellan ser de momentos do Bronce como é no caso da Cova do Oso (LUZÓN *et al.* 1980). No sur de Galicia temos outro paralelo de ocupación en cova para este período. Na Pala da Zorra (Rubiá, Ourense) tense documentado un nivel con T.S.H.T. que se relaciona coa presenza de comunidades eremíticas na Serra da Encina da Lastra asociadas á fundación do mosteiro de Cobas (no 990 d.C.) que

actuaría de centro de reunión entre ermitaños e monxes cenobitas (FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ *et al.*, 1993). De ser o caso da ocupación de Cova de Xato, deberíamos relacionala cunha posible comunidade de ermitaños, situada nun entorno afastado e aillado como é o Courel e relacionada co mosteiro de Samos, fundado no século VII d. C. (LÓPEZ QUIROGA, J. y M. RODRÍGUEZ LOVELLE; 1999-2000).

O nivel 3 da Cata 2 e as Catas do interior da cova correspóndense cun depósito posiblemente do Pleistoceno superior, coa presenza de *Ursus arctos* no sector da entrada e unha oseira nos depósitos do interior da cova con restos de varios individuos asignados a *Ursus sp.* As únicas identificacións realizadas no interior da cova a nivel de especie remítennos a *Ursus spelaeus*. Os úrsidos son as especies máis xeneralizadas nas cavidades do Courel. *U. spelaeus* tense identificado nas cavidades de Tras da Lastra, Ceza, Liñares Sur e Valdabreira. Restos de *U. arctos* foron recollidos nas cavidades de Cova do Tarelo, Arcoia e Praducelos. Estes achados convirten á Cova de Xato, xunto a Cova da Valiña (FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1993), nas únicas cavidades con evidencias das dúas poboacións de úrsidos no NW, o *Ursus spelaeus* e *Ursus arctos*, o que nos remite a momentos do Pleistoceno superior (CASTAÑOS, 1992; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, 1993).

As marcas de corte e fractura en fresco de dous osos, atestiguan a presenza antrópica máis antiga en cavidades do Courel. A altitude da cova (1080 metros) desbota parcialmente as teorías que sinalaban que, debido ós fortes efectos erosivos dos glaciares e a deglaciación, as cavidades a grandes alturas non poderían conter testemuñas e evidencias de poboamento (paleontolóxico e antrópico) de grande antigüidade (GRANDAL D'ANGLADE, 1997). Aínda que na Cova de Xato tense documentado a presenza de fortes procesos erosivos de influencia periglacial, a realización de sondaxes profundas en cavidades pode aportar novos datos acerca das ocupacións do Pleistoceno superior no Courel.

#### 4. DISCUSIÓN


As intervencións realizadas nesta campaña poñen de manifesto o interese da cunca media do Miño de cara ó coñecemento da Prehistoria do NW peninsular. A Depresión de Monforte evidencia un poboamento continuado dende o Pleistoceno medio ata momentos finais do Pleistoceno superior, rango no que se agrupan os diferentes xacementos ó aire libre documentados en Galicia. Pero esta secuencia presenta certos hiatos no rexistro, especialmente no referente ós momentos iniciais e medios do Paleolítico Superior. Neste senso, os rexistros arqueolóxicos de xacementos en cova da parte oriental de Galicia son os que axudan a cubrir estes baleiros. A Cova da Valiña, malia da súa problemática, é a única evidencia de poboamento do Paleolítico Superior inicial e os novos achados da Cova de Valdavara e a súa secuencia poderían axudar a completar esta falla de información. Pese a intensidade dos procesos erosivos, testemuñados na Cova de Xato,



as cavidades conservan nas mellores condicións o rexistro arqueolóxico, ofrecendo datos máis completos acerca das estratexias de subsistencia das comunidades paleolíticas. A procura de novos asentamentos en cova pode enriquecer os nosos coñecementos sobre as comunidades de cazadores recolectores e axudar a completar o mapa do poboamento paleolítico do noroeste peninsular, así como a súa relación cos asentamentos ó aire libre documentados no interior de Galicia.

## **AGRADECEMENTOS**

Os traballos arqueolóxicos vinculados ó proxecto de investigación foron levados a cabo gracias ó apoio do Ministerio de Educación e Ciencia (HUM2007-63662) e dos concellos de Becerreá, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos e o Centro de Formación e Experimentación da cidade monfortina. Así mesmo, agradecer á persoas que se interesaron, participaron e colaboraron nos traballos: Carmelo Alonso, Jose Antonio Peña e Orlando Álvarez. O estudo da fauna foi realizada por Jordi Rosell e Ruth Blasco. C.R. é bolseiro predoutoral do Programa María Barbeito e M.T. é bolseiro da Cátedra Atapuerca.



TÁBOA 1: Relación das categorías estruturais dos xacementos máis significativos.




FIGURA 1: Situación dos xacementos. A) Cova de Valdavara. B) As Gandariñas (GND), Nabán (NBN), Gullade I e III (GLL), O Regueiral II (RGL-II), Gándara Chá (GAN); Valverde (VLV); Aspea (ASP). Cova de Xato (CX).




LÁMINA I: Industria lítica. 1,2. As Gandariñas: BN2XC en seixo; 3-4. Gándara Chá: BP en cuarcita e BN1XE discoidal en seixo; 6-8. Gullade-III: BN2XC en cuarcita e BN1XE discoidal en seixo.




LÁMINA II: Industria lítica Modo 4: Valverde: 1. BN1XE microlaminar en cristal de rocha; 2-3: Elementos de dorso en cristal de rocha (BN2XC); 4, fragmento de laminiña en cristal de rocha (BPF); 5,7. Segmentos de láminas en cuarcita de grao fino (FBP); 6. BN1XE bipolar en seixo; 8. BP en sílex; 9. Áspera: BN1XE microlaminar en cuarcita de grao fino.




LÁMINA III: Cerámica de Valdavara.




LÁMINA IV: Cerámica de Valdava.




LÁMINA V: Planta de Cova de Xato e situación das catas. Detalle do óso coas marcas de corte.



## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ NUÑEZ, A. (1995-1996): «Castro da Torre (Sobredo, O Caurel). Informe de la intervención arqueológica de 1993.» *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 7 (2): 9-32.
- CASTAÑOS, P. (1992): «Los mamíferos del Cuaternario de Eurasia» en: *Paleontología de vertebrados. Faunas y filogenia, aplicación y sociedade*. H. Astibia (Ed). Universidad del País Vasco, Bilbao. 257-285.
- FÁBREGAS VALCARCE, R., T. LAZUÉN FERNÁNDEZ, A. DE LOMBERA HERMIDA, J. A. PEÑA ALONSO, A. PÉREZ ALBERTI, X. P. RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, C. RODRÍGUEZ RELLÁN y M. TERRADILLOS BERNAL (2007): «Novos achados paleolíticos no interior de Galicia. A Depresión de Monforte de Lemos e as súas industrias líticas.» *Gallaecia* 26: 7-33.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (1993): «Los Macromamíferos del Pleistoceno y Holoceno Inicial en el Noroeste Peninsular» en: *La evolución del paisaje en las Montañas del entorno de los Caminos Jacobeos*. A. Pérez Alberti, J. Guitián Rivera and E. Ramil Rego (Ed). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 183-191.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. & VILLAR QUINTEIRO, R. (2003): *Prospección y excavación de cuevas en la cuenca del Sil (Rubiá, Ourense): La Pala da Vella. Brigantium*, 14: 13-22.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C., R. VILLAR QUINTEIRO y C. LLANA RODRÍGUEZ (1993): «Prospección arqueológica de cavidades en la Sierra de la Encina de la Lastra (Rubiá, Ourense): Primeros resultados» en: *Actas del XXII Congreso Nacional de Arqueología*: 43-48.
- GRANDAL D' ANGLADE, A. (1997): «Condiciones en la distribución de macromamíferos en Galicia (NW Peninsular Ibérica) durante el Cuaternario superior.» *Cadernos Laboratorio Xeolóxico de Laxe* 22: 43-66.
- LLANA, C.; SOTO, M. J.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C.; MARTÍNEZ CORTIZAS, A.; PUMAREJO, P.; VILLAR QUINTEIRO, R.; LÓPEZ-FELPETO, M. A. (1991): *Cova da Valiña (Castroverde, Lugo). Un xacemento do Paleolítico superior inicial en Galicia (Campañas de 1987 e 1988)*. A Coruña: Xunta de Galicia.
- LÓPEZ CORDEIRO, M<sup>a</sup> M. (2003): El yacimiento epipaleolítico de Chan da Cruz (Valadouro, Lugo): Síntesis de los primeros resultados. *Complutum*, 14: 39-54.
- LÓPEZ QUIROGA, J. y M. RODRÍGUEZ LOVELLE (1999-2000): «Un modelo de evolución del poblamiento rural en la Galicia interior (S. V-X): El territorio en torno a la Depresión de Sarria y al monasterio de Samos.» *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 9: 173-185.
- LUZÓN NOGUÉ, J. M., F. J. SÁNCHEZ-PALENCIA RAMOS, F. ACUÑA CASTROVIEJO, C. ALONSO DEL REAL, F. ARIAS VILAS, M. CAAMAÑO GESTO, A. RODRÍGUEZ CASAL, J. C. SIERRA RODRÍGUEZ y J. M. VÁZQUEZ VARELA (1980): *El Caurel*. Ministerio de Cultura, Madrid.
- MAROTO, J., M. VAQUERO RODRÍGUEZ, Á. ARRIZABÁLAGA, J. BAENA, E. CARRIÓN, J. F. JORDÁ PARDO, M. MARTINÓN-TORRES, M. MENÉNDEZ, R. MONTES y J. ROSELL ARDÈVOL (2005): «Problemática cronológica del final del Paleolítico Medio en el Norte Peninsular.» *Museo de Altamira MONOGRAFÍAS* 20: 101-114.

- PÉREZ ALBERTI, A., L. GUTIÁN y P. RAMIL REGO, Eds. (1993): *La Evolución del Paisaje en las Montañas del Entorno de los Caminos Jacobeos*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.
- PÉREZ ORTÍZ, L.; FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2005): *El conjunto cerámico del Neolítico Final de Pala da Vella (Rubiá, Ourense)*. En P. Arias, R. Ontañón y C. García-Moncó (eds): *Actas del III Congreso del Neolítico en la Península Ibérica*. Santander, 5 a 8 de octubre de 2003, pp.327-335. Santander: Universidad de Cantabria.
- RAMIL REGO, E. (1997): La transición del Paleolítico Superior al Neolítico en las sierras septentrionales de Galicia. Una aproximación preliminar. En R. de Balbín y P. Bueno (eds): *II Congreso de Arqueología Peninsular. Tomo I.- Paleolítico y Epipaleolítico*, pp. 273-285. Zamora: Fundación Rei Afonso Henriques.
- RAMIL REGO, E. y J. RAMIL SONEIRA (1996): «El fin de los tiempos glaciares en Galicia. Magdaleniense y Epipaleolítico.» en: *Os primeiros poboadores de Galicia: O Paleolítico*. R. Fábregas Valcarce (Ed). Edicións do Castro, Sada. 73: 117-147.
- VERA, J. A. (ed.) (2004): *Geología de España*. Madrid: Instituto Geológico y Minero de España/Sociedad Geológica de España.
- VILLARQUINTEIRO, R. (1997): El Paleolítico Superior y Epipaleolítico en Galicia. *Zephyrus*, 50: 71-106.